

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Publicacións

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Contos do Valadouro (Prólogo á 4ª edición)

Image

Velaquí a cuarta edición dun libro singular, un clásico no campo da divulgación da nosa literatura de tradición oral.

Xesús Pisón | Manuel Lourenzo | Isaac Ferreira

Contos do Valadouro



edicións **embora**

A primeira edición viu a luz en Edicións A Nosa Terra en 1998 e a segunda, dado o éxito comercial da precedente, na mesma editora en 1999. Ambas ofrecían 182 textos que se incrementaron ata os 306 na terceira tiraxe a cargo de Edicións do Castro en 2005. O ano 2000, a mesma editora publicou *Gravuras de contos do Valadouro* da autoría de Xosé Blanco, obra complementaria moi interesante con gravados que percorreron diferentes espazos expositivos de todo o país.

Edicións Embora ofrécenos agora a cuarta impresión coas ilustracións de Xesús Pisón, como todas as precedentes. Inclúese así mesmo a listaxe de nomes das fontes documentais, orais e escritas, e un total de 352 textos que case duplican o número dos que puidemos ler nas primeiras edicións.

Aínda que o título fai referencia aos contos, entendendo como tales os textos que se adscriben a ese xénero específico da nosa literatura de tradición oral, non só de contos se nutre esta obra. Xunto aos contos, que os hai

en abundancia, van un bo número de relatos que constitúen pegadas indelebles da nosa cultura popular. Moitas das narracións deste libro, aproximadamente dous terzos do total, corresponden ao que chamamos mitos e lendas, xéneros comprendidos dentro dos narrativos nos que se acostuma subdividir, en atención a criterios academicistas, a literatura de tradición oral.

Todos eles, mitos, lendas e contos, xunto con outras manifestacións poéticas e líricas, constitúen un arquivo vivo e esencial, pouso madre onde se mesturan os motivos simbólicos e os valores sociais e culturais da nosa identidade colectiva.

Xesús Pisón, Manuel Lourenzo e Isaac Ferreira, artífices desta pequena enciclopedia da oralidade do Valadouro, son tamén promotores de numerosas obras de difusión do patrimonio cultural de toda a comarca da que forman parte os concellos de Alfoz (do Castrodouro) e O Valadouro.

Os tres autores, valadoureses moi distinguidos e de recoñecidas traxectorias no eido cultural en xeral, e no da dramaturxia en particular, decidiron no seu momento organizar todo este corpus narrativo seguindo criterios de afinidade temática aínda que non o explicitan nin no decorrer da obra nin nun índice-guía. Decisión que, por outra parte, consideramos, amais de orixinal, moi acertada no senso de que nos permite a lectoras e lectores ser parte cómplice, senón activa, do acto de comunicación que representan un por un e no seu conxunto os 352 textos publicados.

Pola nosa parte, sen alterar a sabia organización dos contidos e recomendando a lectura do libro pola orde disposta polos autores, imos dedicar unhas liñas deste prólogo a comentar algunhas singularidades que, ao noso entender, pode ter en conta quen desexe coñecer o corpus mítico-lendario e contístico do Valadouro.

Os xéneros narrativos da literatura de tradición oral

A literatura tradicional, folclórica ou popular acostuma clasificarse para o seu estudo en xéneros, á maneira da literatura culta. Entre os xéneros adoita diferenciarse, a grandes trazos, entre os poéticos e os narrativos. Poéticos como as cancións, coplas, romances, oracións ou ensalmos mentres que entre os narrativos distinguimos como principais os mitos, lendas e contos.

Os mitos son narracións das orixes que acostuman suceder alén do tempo histórico, o de cando todo se creou, protagonizados por deuses e seres sobrenaturais. Recréanse, xeralmente, coa práctica de ritos de carácter relixioso ou pseudorelixioso.

As lendas narran episodios, aparentemente verídicos e, por tanto, cribles, supostamente acontecidos nos tempos históricos. Xeralmente describen un episodio con localización precisa, cuxo protagonismo comparten seres fantásticos ou relixiosos e seres humanos.

O conto, pola contra, é unha narración atemporal que sucede nun espazo imaxinario e impreciso, protagonizado por personaxes ficticios e arquetípicos.

Os contos de tradición oral, como os mitos e as lendas, forman parte do folclore, do saber do pobo. Aínda que non é doado definir o xénero, digamos que para diferenciar o conto doutros xéneros narrativos en prosa, este adoita incluír fórmulas de inicio e peche que delimitan ou separan “o tempo do conto” do real, e que a autoría é descoñecida ou anónima. Os contos adoitan usarse con finalidade didáctica, mediante unha linguaxe simbólica. Nas sucesivas transmisións están suxeitos a variacións que dan lugar a diferentes versións.

Corpus mítico-lendario

Como é ben sabido, toda comunidade humana constrúe a identidade de seu desde un hipotético principio primordial ou fundacional, o que noutros contextos se acostuma denominar Idade de Ouro. Un suposto período de esplendor e de harmonía social que, xeralmente, precede a un inevitable declive posterior. Aqueles “tempos de María Castaña” nos que “os animais falaban”, e nos que os tesouros abundaban e se ofrecían con só cumprir un sinxelo rito que agraciase ás criaturas máxicas que gobernan o mundo.

Nos primeiros compases desta obra xa se reflicte como O Valadouro, enténdase a bisbarra como un cosmos, nace desde as augas primordiais. Un mar ou unha lagoa arredor da que van prendendo símbolos recoñecibles da nova orde relixiosa. As aparicións de virxes e santos, a construción de santuarios ou as pegadas que deixan tras si heroes como o apóstolo Santiago ou seres do inframundo como o Demo. Nesta evocación dun pasado glorioso tamén caben personaxes históricos como o visigodo Recaredo, pai putativo do topónimo Recaré, o marqués de Sargadelos ou o moi destacado, entre outros, o mitificado Pardo de Cela, “o Gran Mariscal”.

Tamén teñen unha función relevante animais como o cuco, o lobo ou as cobras ou serpes, criaturas augurais que fascinan e representan simbolicamente o eterno conflito entre o salvaxe e o civilizado. En relación co lobo, non debe pasar desapercibida a referencia expresa á licantrópia, crenza atribuída a unha maldición ou fado que provoca a transformación, neste caso dunha muller en loba (LXXXV). Transformacións que se producen nos cambios de lúa, como lle sucede, noutro contexto, ao manflorito (hermafrodita, efeminado) Fermín da Gaita (XXVI) que cambia de sexo segundo a lúa.

Ao longo dos textos que se recrean repítense con frecuencia motivos que nos informan da grande importancia que tiveron e teñen na cultura popular do Valadouro as crenzas relacionadas cos tesouros e coa Morte (con maiúsculas). Xunto a estes dous grandes eixos temáticos que representan, por un lado, a necesidade de recursos para sobrevivir, combater doenzas, reproducirse... etc, e polo outro, a preocupación polo que nos agarda máis alá da vida, deambulan ducias e ducias de seres míticos que interactúan decontino cos humanos. A abundosa toponimia asociada a estes mitos e crenzas é proba irrefutable do antedito como o é o vencello do ser humano

cos astros e a Natureza e os elementos (pedra, auga, aire, lume) que a conforman.

Os ansiados tesouros preséntanse de mil formas e figuras (galiña coa súa larada de pitos, cabritos, igrexas, alfaias variadas, moedas, cornos, xugos..., case sempre de ouro). Requírese sabedoría para burlar as proteccións dos tesouros ou desactivar a maxia de gardadores e gardadoras (encantos e encantas, mouros e mouras...) e tratar de conseguilos, empeño que case sempre fracasa pola impericia humana e porque o tesouro, así é a triste lección que aprendemos, é só unha ilusión, pura entelequia.

E dun fracaso, o da esperanza nunha existencia relativamente levadeira que representan os tesouros, ao fracaso da vida, a Morte, e as preocupacións por organizar o despois. Da enorme importancia que se lle concede a este tránsito falan os numerosos testemuños aquí recollidos. Desde os avisos ou agoiros que anuncian o pasamento dalgún parente ou veciño, que se manifestan cun amplo repertorio de imaxes ou visións (cadaleitos, bestas, vultos, avelaiñas, axóuxeres, luciñas, paxariños, lume, golpes nos lousados, portas e ventás, airadas e labazadas frías...) ás figuras que adoitan os espectros e as ánimas, individual ou colectivamente, cando veñen de visita desde o Outro Mundo, o dos mortos, ao dos vivos.

Avisos son tamén sentir unha gata laiando (CCCIV), ver a cadela branca coa lingua colorada que se chama Pastoriña (CCCXLII), a Estadea (muller alta vestida de negro), e a Estantiga, nome que recibe no Valadouro a procesión de ánimas denominada noutros lugares Compañía, Compañía ou Hoste. O nome Estantiga, que deriva precisamente de *hostis antiquus* (vello /antigo inimigo), tamén equivale a 'exército antigo', o que nos fai pensar, como se di no relato CCCXXVI, nunha antiga crenza na visión dunha cacería salvaxe, grupo de almas de mortos malvados que voan cabaleiros por enriba das nosas cabezas. Visión que non presaxia nada bo para quen ten a mala sorte de contemplala.

Tamén aparece con frecuencia a Zarrulada (grupo de cans capitaneados por unha cadela), ou o Urco (CCCXLVII), o can que medra ata facerse enorme. Tamén teñen relación coa mitoloxía da Morte outras manifestacións como as das perigosas ánimas dos condenados ao inferno (CCCIX e CCCX) que acostumamos chamar Ruíns, ver no medio da noite misas concelebradas por esqueletos (CCCXXVIII) ou topar coa sinistra figura das lavandeiras (CCLXXIX) cando retorcen a roupa dos finados en desgracia.

E aínda sería pertinente engadir algún comentario sobre os seres míticos non mencionados nas categorías anteriores. Bruxas, bruxos e meigas cos seus aquelarres e encontros co demo, os trasnos e as súas múltiples caretas, os encantos e encantas que se confunden cos mouros e mouras, estas nas súas diferentes maneiras de presentarse aos humanos, ben como vellas xigantas, mulleres que fían os fíos da vida, o destino, ou como mozas atractivas e voluptuosas ata descubrir unha incógnita Terra de Patariños que intuimos é a mesma onde residen os xigantes chamados pataricus (CLI), tan ben coñecidos nas veciñas terras asturianas. E que dicir do simpático e sorprendente aspecto de Leonado (nome que adoita o Demo cando preside os aquelarres) que se

aparece «... no Xistral, entre as pedras de abalar do Cadramón, do Pereiro e de Labrada. Ten corpo de raposo, cabeza de castrón, rabo de lobo, e no cu a cara dun home» (CCXLV).

Tampouco deberamos esquecer os pagaíños (CCXLVI), nin os demachiños (CCL), nin aquelas persoas coñecidas como vedoiras ou vedoiros (CCCL, CCCLI e CCCLII) que teñen a capacidade de “ver” anticipadamente quen vai morrer, aínda que resida a moitos quilómetros de distancia e se, unha vez finado, acaba no ceo, no purgatorio ou no inferno.

Corpus contístico

Atendendo ao catálogo tipolóxico internacional, *The Types of International Folktales. A Classification and Bibliography* (Academia Scientiarum Fennica, Helsinki, 2004), de Hans-Jörg Uther, e ao catálogo galego, *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral* (Universidade de Vigo, 2010), da autoría de Camiño Noia, os contos populares rexistrados en todo o mundo organízanse en sete grupos ou categorías: de animais, de maxia ou marabillosos, relixiosos, realistas (*novelle*), do ogro (xigante, demo) estúpido, anécdotas e chistes e contos de fórmula. Aínda que en número variable, nesta obra rexístranse narracións das sete categorías posibles.

Entre a ducia de contos clasificados como de animais, tamén denominados fábulas, os protagonistas son, na inmensa maioría dos casos, raposos e lobos, personaxes este paradigmáticos; mentres que o raposo representa a intelixencia, o lobo fai o papel de brután e paiolo. Ambos animais interaccionan cos humanos en moitas ocasións (LXVIII, LXXII, LXXIV, LXXV, LXXVIII, LXXIX e LXXXII) pero tamén aparecen gatos, ratos (XLVI) e burros.

Na decena de contos denominados de maxia ou marabillosos, o protagonismo corresponde ao heroe ou heroína, case sempre un humano desvalido que se ve forzado a percorrer o mundo para atender unha carencia. Algúns destes contos son versións fragmentarias de narracións moito máis longas e complexas. O heroe recibe, xeralmente, o auxilio de obxectos máxicos (CXLVI), animais ou axudantes sobrenaturais (LVI, LIX). A personificación da Morte aparece nalgúns deles, como aparecen as bruxas ou meigas, personaxes abundantemente mitoloxizados na nosa cultura tradicional. O relato CCXVI rememora a idea da percepción do tempo e do gozo eterno tras as visións do Paraíso como a descrita na cantiga CIII das *Cantigas de Santa María*, de Afonso X, aínda que aquí o motivo é ben diferente.

Entre os contos que se poden catalogar, uns quince en total, como relixiosos son Deus e o Demo, que adoita perder nas contendidas (CXVI), a Virxe, Xesús Cristo, San Pedro e algúns santos e santas, xunto coas ánimas (CCCXXXVII), os protagonistas. Adoitan unha intención moralizante, ofrecendo relatos que exemplifican distintas máximas da doutrina católica. Quizais sorprenda que nalgúns casos o protagonista deste tipo de contos

sexa o trasno, mais non hai que descartar que este ser, en vez de ser considerado exclusivamente como un demo enredante, poida representar tamén a ánima dun meniño garuleiro (CCLV). San Pedro, quen acostuma aparecer nos contos como parella arquetípica de Xesús Cristo, só aparece aquí (XXXIII) como porteiro do ceo.

Dos chamados contos realistas contamos nove en total. Predominan as historias románticas, de amores, desamores e infidelidades xunto con outros múltiples episodios que interfíren nas relacións matrimoniais. Entre os homes e mulleres torpes ou listos, a agudeza e o enxeño (LV, LVIII, XCI) son as virtudes máis recorrentes. Un conto moi coñecido é o que se identifica co título xenérico de “o fillo ingrato”. Na versión que se ofrece (CCLXXXVI), o fillo pretende abandonar o pai no monte co avío dunha mísera manta. O neto faille ver ao seu pai que así fará el cando lle chegue a hora, o que provoca o arrepentimento do proxenitor. Así mesmo, se reparásemos na fortuna literaria dalgúns deste contos, destacaríamos o LVIII no que se compara o amor filial co sal e que podemos atopar no *Poema de Gilgamesh* (ss. XXV- XX a. C.), na *Iliada* (ss. VIII-VI a. C.), no *Cantar de Mio Cid* (ss. XII- XIII) e *O rei Lear* (s. XVII) de Shakespeare.

Un conto deste grupo ben interesante e raro de atopar na nosa tradición oral é o que leva o nº CCLXXXVII. Recrea un vello mito, coñecido como “Caridade romana”, de orixe probablemente grega ou anterior no que se describe o aleitamento e salvación por parte da filla dun pai condenado a morrer de fame na cadea. A referencia literaria máis antiga da que temos noticia é anterior ao ano 79 a. C. e vén na Natural Historia de Caio Plinio baixo o título *Da Piedade*. En Galicia só se rexistrou outro conto deste tipo polo Baixo Miño.

Entre os contos clasificados como do ogro (xigante ou demo) estúpido atopamos só catro. Aclaremos que na tradición galega non acostuman aparecer os ogros pero si o fan, e con certa frecuencia, xigantes e, sobre todo, o Demo. Narran confrontacións entre personaxes xigantes e forzudos con humanos limitados física e intelectualmente que, porén, fan uso de innumerables astucias para derrotar ao poderoso opoñente.

Os contos que máis abundan nesta publicación, arredor duns corenta, son os que nos catálogos tipolóxicos se denominan 'Anécdotas e chistes'. A maioría son narracións breves, xeralmente humorísticas pero moi enfocadas á crítica social e a ridiculizar comportamentos considerados ridículos ou indignos. Unha subcategoría especial e ben diferenciada constitúena os contos obscenos, escatolóxicos ou 'colorados' (CVII, C, CIV), tamén abundan os contos de mentiras e esaxeracións, e os protagonistas son xente do común, homes e mulleres mozos, adultos ou vellos, parvos e pillos, cregos, xastres e individuos doutros moitos oficios.

Por último, dentro do grupo dos chamados contos de fórmula, temos dous relatos. Son contos ideados para recitar, xeralmente compostos por cadeas acumulativas (LXXIII, CCLXII). O primeiro recita unha cadea de remedios para atender os problemas dun animal ferido, neste caso unha raposa. O segundo, coñecido como “As doce palabras retorneadas” serve, de sabelas ben, para liberarnos de que o Demo leve a nosa alma para o inferno. Esta oración, canto, pregaria ou recitado recollido no Valadouro ten orixe na tradición oriental e

presenta aquí a rara singularidade de que non son doce senón trece as palabras que hai que repetir na rolda acumulativa.

Como remate, chamamos a atención sobre o conxuro (LX) que invoca a san Bartolomeu para que axude a que aparezan as reses perdidas e o recitado (LXI) que narra a maldición que condenou a unha restra de irmás, vítimas mortais dun andazo causado polo enigmático Tángano Mángaro, Tángano Mángano ou Orangotango.

En resumo, lectoras e lectores, gocen desta nova edición ampliada dos “Contos do Valadouro”, unha sorte de vademécum onde atopar todo, ou case todo, o que se debe saber sobre a literatura tradicional da comarca do Valadouro. Nunca se cerra o círculo do coñecemento, é certo, outras e outros deberán vir detrás deste extraordinario traballo dos tres próceres e seguir rastrexando o esquivo patrimonio oral que nos toca herdar pero esta obra constitúe, con certeza, a pedra fundacional sobre a que se vai edificando con plena seguranza a fabulosa memoria de todo O Valadouro.

© Antonio Reigosa Carreiras

Zoñán (Mondoñedo), primavera de 2025

Ficha técnica

Velaquí a cuarta edición dun libro singular, un clásico no campo da divulgación da nosa literatura de tradición oral. Un total de 352 textos que constitúen pegadas indelebles da nosa cultura popular. Unha sorte de vademécum onde atopar todo, ou case todo, o que se debe saber sobre a literatura tradicional da comarca do Valadouro. Nunca se cerra o círculo do coñecemento, é certo, outras e outros deberán vir detrás deste extraordinario traballo dos tres precursores e seguir rastrexando o esquivo patrimonio oral que nos toca herdar, mais esta obra constitúe, con certeza, a pedra fundacional sobre a que se vai edificando con plena seguranza a fabulosa memoria do Valadouro.

Autores; Xesús Pisón, Manuel Lourenzo e Isaac Ferreira.

Ilustracións: Xesús Pisón

Edicións Embora / Abril de 2025

ISBN: 978-84-19853-18-9

136 páxinas

Prólogo á 1ª, 2ª e 3ª edicións : X. M. Vázquez Varela, 1998. Prólogo á 4ª edición: Antonio Reigosa,. 2025

